



ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

### Providencia da Presidencia

Que con data 20 de decembro do 2018 o Concello de Tui comunica a esta Entidade a intención de impulsar a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A Macoca.

Que con data 5 de agosto do 2019 a Xunta Veciñal acorda solicitar ao Concello de Tui e á Xunta de Galicia información sobre a situación do proxecto de construción do novo centro escolar.

Que con data 18 de outubro do 2019 o Concello de Tui remite a esta Entidade o informe do Xefe Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre as condicións da parcela necesaria para a construción de novo centro escolar.

Que con data 4 de novembro os membros da Xunta Veciñal reuníronse co Alcalde do Concello de Tui para facerlle chegar as condicións da cesión do terreo.

Que tendo en conta que para poder levar a cabo a cesión é necesario realizar unha serie de tramites previos, antes de proceder tramitar ante a Xunta Veciñal o acordo definitivo de cesión, entre os que se atopan o levantamento topográfico da finca así como a tramitación da segregación da parcela aos efectos de identificala individualmente.

Que con data 18 de novembro do 2019 a Xunta Veciñal acordou facultar ao Presidente da Entidade Local Menor de Pazos de Reis a realizar os tramites previos necesarios para poder tramitar o correspondente acordo de cesión, ao Concello de Tui, dunha parcela de 10000 m2 para a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A Macoca.

Que o Pleno do Concello de Tui, en sesión celebrada o día 28 de novembro do 2019, acordou a o cambio de uso do inmovible situado no lugar A Macoca, con referencia catastral 36055A051000010000UB, integrándoo como sistema de equipamento e dotacional múltiple cós usos seguintes: social, asistencial, cultural, educativo ou deportivo, baixo a premisa inmodulable de manter a súa titularidade pública.

Que con data 17 de decembro do 2019 o Concello de Tui solicita a Entidade que realice os trámites necesarios para a cesión do terreo para a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A Macoca.

Que con data 23 de decembro do 2019 a Xunta Veciñal acorda continuar cos tramites necesarios para poder ceder ao Concello de Tui unha parcela de 10000 m2 para a construción dun novo centro escolar en Pazos de Reis, no lugar de A

Macoca.

Que un dos tramites necesarios foi a solicitude da Concello de Tui da expedición de certificación de innecesiedade de licenza municipal para a segregación dunha parcela de 10.000m<sup>2</sup> no lugar de A Macoca do monte número cincocentos vinte e seis do catalogo, chamado Fontenla e cunha superficie total de 60 hectáreas, dita finca figura rexistrada a nome da Entidade Local Menor de Pazos de Reis (Tomo 415, Libro 113, Folio 225, Alta 2)

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o día 7 de agosto do 2020 acordou declarar a innecesiedade de licenza municipal de parcelación, resultando unha nova parcela bruta de 10.000,00 m<sup>2</sup>, denominada Resultante A A Macoca.

Que a finca RESULTANTE A denominada A MACOCA, pendente de referencia catastral, figura dada de alta no inventario de bens desta Entidade Local Menor de Pazos de Reis co número 1B.1.00081.

Que a finca RESULTANTE A figura inscrita no rexistro da propiedade de Tui co número de finca 38705, C.R.U. 36010001440809, no Tomo 1354 Libro 268 Folio 174 Alta 1.

Consonte ao anterior dispoño:

**Primeiro.** Que se inicie o correspondente procedemento para a cesión gratuíta ao Concello de Tui dunha leira de 10000 m<sup>2</sup> no lugar de A Macoca para a construción dun novo centro escolar .

**Segundo.** Que pola Secretaria desta Entidade se emitan os informes correspondentes ,

En Pazos de Reis, trece de novembro do dous mil vinte  
O Presidente

The image shows a handwritten signature in blue ink on the left, which appears to be 'J. B. S.'. To the right of the signature is a circular official stamp. The stamp features a central coat of arms with a crown on top and a shield below. The text around the perimeter of the stamp reads 'ENTIDADE LOCAL MENOR DE PAZOS DE REIS' at the top and 'PAZOS DE REIS' at the bottom, with a small star on the right side.